



PEDAGOXÍA

ORIENTACIÓNS SOBRE O CONTIDO E GRAO DE DIFICULTADE DA PROBA PARA O ACCESO A GRAO SUPERIOR DA ESPECIALIDADE DE PEDAGOXÍA, ITINERARIO DE PEDAGOXÍA XERAL E DA LINGUAXE MUSICAL

A proba constará de tres partes:

Parte A: Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso do canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada, por escrito, previamente polo candidato. Esta relación de obras deberá incluír polo menos tres de dificultade media (nivel dos últimos cursos de grao profesional), pertencentes aos estilos máis representativos da literatura do instrumento, libremente elixidos polo candidato. No caso do canto, a relación constará dun mínimo de seis obras. Nos casos de obras de longa duración ou con varios movementos, o tribunal poderá decidir as partes que se interpretarán, debendo os aspirantes dominar as obras na súa totalidade.

O alumnado presentará ao tribunal, polo menos, dúas copias das obras que vai interpretar. A ponderación desta parte sobre o total da proba será do 20% do total da proba específica.

Parte B: Proba vocal individual. A proba vocal *a capella* será unha lección de entoación proposta polo tribunal; terá unha dificultade propia de 2º curso de ensinanzas profesionais de Linguaxe Musical, estará dentro dunha contorna tonal e non terá acompañamento pianístico.

O alumnado contará con cinco minutos para a súa preparación sen axuda de ningún instrumento, podendo dar a primeira nota ou o acorde da tonalidade no piano ou no seu instrumento principal.

A proba vocal *a capella* representará un 20% do total da proba específica.

Parte C: Composición dunha peza breve, de carácter didáctico, sobre unha melodía ou un texto proposto polo tribunal. O aspirante deberá realizar unha defensa didáctica da súa aplicación.

O tribunal proporá un texto ou unha melodía sobre o que os candidatos elaborarán unha composición breve cos elementos rítmicos, melódicos e harmónicos que consideren oportunos. Así mesmo, utilizarán a instrumentación que consideren máis adecuada.

O aspirante terá tres horas para a realización da composición e para o desenvolvemento escrito da proposta que explique como aplicaría esa composición nun contexto educativo. Esta parte da proba realizarase nunha aula con piano, á que se accederá sen outros obxectos persoais que os necesarios útiles de escritura, o instrumento musical escollido para a defensa (sen funda) e, opcionalmente, un reloxo analóxico (non están permitidos os móbiles nin os reloxos intelixentes). Finalizado ese tempo, deberá entregar en sobre pechado a partitura final escrita a bolígrafo, a proposta didáctica e os borradores.

Posteriormente, deberá interpretar ante o tribunal a composición cantando e á vez acompañándose opcionalmente co piano dispoñible na sala ou con calquera outro instrumento polifónico compatible co canto (guitarra, acordeón, arpa) que el ou ela proporcione. Este acompañamento poderá ser moito máis reducido que o que apareza na partitura, que tamén será valorada polo tribunal e que deberá conter polo menos unha melodía para canto e un

acompañamento polifónico (por exemplo, para piano) plenamente desenvolvido, non exclusivamente cifrado. Despois lerá a proposta didáctica, que, ademais de situar o contexto e sinalar os obxectivos da súa aplicación, poderá incluír exercicios preparatorios e actividades complementarias á composición.

Esta proba representará un 20% da proba específica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO

Parte A:

- Interpretación axustada ao estilo e á estética do período en que foi composta a obra.
- Interpretación correcta dende a linguaxe musical.
- Execución e técnica adecuadas.
Adecuación da agónica, a dinámica e o fraseo.
- Coidado do son e dos distintos tipos de ataques.
Afinación correcta.
Expresividade e musicalidade manifestadas na interpretación da obra.

Parte B:

- Afinación correcta.
- Interpretación axustada dende a linguaxe musical: ritmo, entoación, agónica, dinámica, forma, fraseo, expresividade, musicalidade...
- Impostación da voz. Resonancia.
- Realización correcta das respiracións.
- Interpretación fluída e axustada ao estilo.

Parte C:

- Adecuación do ritmo e do compás ós acentos do texto.
- Correcta cuadratura das frases.
- Contorno melódico en relación ó texto.
- Contorno harmónico en relación ó texto.
- Tratamento da melodía acompañada.
- Forma elixida e a súa relación co texto.
- Emprego da agónica e a dinámica relacionándoa co significado do texto.
- Instrumentación que presenta: formación e o seu tratamento.
- Adecuación dos elementos musicais á idade aproximada á que pareza dirixirse o poema.
- Coherencia da defensa didáctica coa composición presentada.
- Corrección lingüística e claridade expositiva na defensa didáctica.